

Grial nº 202, Abril-Xuño 2014 (Recensión publicada en gallego y traducida al español)

Victorino Pérez Prieto, *La búsqueda de la armonía en la diversidad. El diálogo ecuménico e interreligioso desde el Concilio Vaticano II*, Verbo Divino, Estella 2014, 207 pp.

Por Xosé Antón Miguélez Díaz

El conocido ensayista del reeditado ensayo *Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario* (Vigo 2010 y 2012), y de tantas otras variadas aportaciones a la cultura gallega, Victorino Pérez acaba de publicar, en esta ocasión en castellano, un magnífico y documentadísimo trabajo sobre el diálogo interreligioso, una de las especialidades de este poliédrico y prolífico escritor. Se trata de un volumen de poco más de doscientas páginas, con sustancioso prólogo de una autoridad en la materia como es Javier Melloni.

El autor, doctor en filosofía y teología, nos presenta con su pluma ágil, aunque también rigurosa, una propuesta sobre el diálogo interreligioso en dos partes: a primera, más breve, sobre los logros, y sobre todo las perspectivas, que para ese diálogo ecuménico abrió para la Iglesia Católica el Concilio Vaticano II (1962-1965); la segunda, significativamente más amplia y novedosa, es una pormenorizada presentación del estado de la cuestión, con amplísima bibliografía que abarca materias y autores implicados, y una propuesta propia, para la que toma pie especialmente en las intuiciones y múltiples escritos de su gran mentor Raimon Panikkar, sobre quien ha publicado otras investigaciones.

No piense el lector que lo que aquí encontrará se reduce al ámbito de lo estrictamente religioso. Precisamente esta obra es una vigorosa apertura de perspectivas que, con profundo sentido de diálogo, conecta su explícita, inequívoca y razonada fe católica en diálogo con otras fes, no sólo, con otras fes formuladas religiosamente, sino también con las fes más seculares que pueden animar también propuestas agnósticas o ateas. Resulta oxigenante que nuestro autor critique con energía el pretendido monopolio de la religión sobre la fe, que él, con buen criterio, considera una dimensión humana previa a la de cualquiera formulación filosófica o teológica. Esa distinción entre fe y religión, que no es un descubrimiento suyo, le permite sin embargo ver esperanzadamente este convulso comienzo de siglo como un tiempo que somete a crisis muchas creencias, más que como un tiempo sin fe.

En su texto, entre otros variados pensadores del tema, veremos como se sitúa el autor ante la postura del reconocido teólogo gallego Andrés Torres Queiruga, con el que apunta concordancias y diferencias. Y encontraremos generosas referencias de cómo se encara hoy la problemática de la inclusión de la mujer en pie de igualdad con los varones, en las diferentes tradiciones religiosas, acogiendo las críticas y perspectivas del pensamiento teológico feminista. Junto a este candente tema del feminismo, asignatura pendiente en tantas religiones, Victorino Pérez Prieto nos conducirá también por lo que implica para el diálogo interreligioso los aportes del ecologismo o de la lucha por la justicia en el mundo, en sintonía con la teología de la liberación, de la que también nos da buena y actualizada bibliografía. Él criticará siempre, y se distanciará, del sincretismo acrítico que coge sin más elementos de las diferentes religiones haciendo la propia e individual la carta fundamental, sin conectar a fondo con el nervio y la tradición que las sostienen. El autor se sitúa siempre en una perspectiva mística y dialogal que intenta superar racionalismos y tradicionalismos cerrados, e incluso fronteras de pensamiento y de vivencia, pero ahondando en la propia tradición que puede converger en lo esencial bien personalizado con otras tradiciones también asimiladas místicamente. En el final del libro, aporta Victorino Pérez el testimonio de varias personas que alcanzaron en su historia de búsqueda religiosa y de diálogo interreligioso una síntesis personal y una vivencia íntima de encuentro harmónico *intrarreligioso*.

Como colofón, el propio Victorino Pérez ofrece su íntimo testimonio de cristiano católico y de hombre secular, en apertura radical a otros credos y visiones que puede acoger sin contradicciones, sin sincretismos y sin íntimas escisiones.

memoria, y sin duda la preferida hoy en día" (p. 175). Neste senso, si creo que deberíamos comezar a repensar se achegarnos ao pasado a golpe de conmemoración é o máis acado para a historiografía actual.

As palabras non son inocentes nin inocuas. Deste xeito, tendo en conta que a palabra é a principal ferramenta para a transmisión do coñecemento —tamén do coñecemento histórico— debemos tomar un tempo na súa análise. Así, non é casual que a lingua inglesa diferencie entre *History*, para o traballo dos historiadores, de *Story*, para os contos e as lendas. Algo que, por certo, tamén sucede na irmá lingua portuguesa: *História* por un lado e *Estória* por outro. Coido que moitas das apreciacións deste libro están baseadas na confusión entre estes dous termos. A *Historia* é unha ciencia social en constante construción e crítica. Os historiadores somos os primeiros

escépticos ■ Prudencio Viveiro Mogo

Sobre o necesario encontro entre relixións


LA BÚSQUEDA DE LA ARMONÍA EN LA DIVERSIDAD. EL DIÁLOGO ECUMÉNICO E INTERRELIGIOSO DESDE EL CONCILIO VATICANO II

VICTORINO PÉREZ PRIETO

Verbo Divino | 2014 | 208 páxinas

O coñecido ensaísta do reeditado ensaio *Prisciliano na cultura galega. Un símbolo necesario* (Galaxia 2010 e 2012) e de tantas outras variadas contribucións á cultura galega, acaba de dar ao prelo, desta vez en castelán, un magnífico e documentadísimo traballo sobre o diálogo interreligioso, unha das especialidades deste poliédrico e prolífico escritor. Trátase dun volume de pouco máis de dúascentas páxinas, con substancioso prólogo dunha autoridade na materia, como é Javier Melloni.

O autor, estudoso da filosofía e da teoloxía, e doutor en ambas as



dúas materias, preséntanos coa súa pluma áxil, aínda que rigorosa, unha proposta sobre o diálogo interreligioso en dúas partes: unha, a primeira e máis breve, sobre os logros,

e sobre todo as perspectivas, que para ese diálogo ecuménico abriu para a Igrexa católica o Concilio Vaticano II (1962-1965), que está a punto de facer cincuenta anos; a segunda, significativamente máis ampla e novidosa, é unha pormenorizada presentación do estado da cuestión, con amplísima bibliografía que abrangue materias e autores implicados, e unha proposta propia, para a que toma pé especialmente nas intuicións e múltiples escritos do seu gran mentor, Raimon Panikkar, sobre o que publicou outras investigacións.

Non pense o lector que o que aquí atopará se reduce ao ámbito do estritamente relixioso. Precisamente esta obra é unha vigorosa apertura de perspectivas que, con fondo sentido do diálogo, conecta a súa explícita, inequívoca e razoada fe católica en diálogo con outras fes, non só, con outras fes formuladas relixiosamente, senón tamén coas fes máis seculares que poden animar tamén propostas agnósticas ou ateas. Resulta osixenante que o noso autor critique con enerxía o pretendido monopolio da relixión sobre a fe, que el, con bo criterio, considera unha dimensión humana

previa á de calquera formulación filosófica ou teolóxica. Esa distinción entre fe e relixión, que non é un descubrimento seu, permítele, porén, ollar esperanzadamente este convulso comezo de século como un tempo que somete á crise moitas crenzas, máis que como un tempo sen fe.

No seu texto, entre outros variados pensadores do tema, veremos como se sitúa o autor, ante a postura do recoñecido teólogo galego Andrés Torres Queiruga, ante o que apunta concordancias e diferenzas. E acharemos xenerosas referencias de como se encara hoxe a problemática da inclusión da muller en pé de igualdade cos varóns nas diferentes tradicións relixiosas, acollendo as críticas e perspectivas do pensamento feminista teolóxico. Xunto a este candente tema do feminismo, materia pendente en tantas relixións, Pérez

Prieto conducíranos tamén polo que implican para o diálogo interreligioso as achegas do ecoloxismo ou da loita pola xustiza no mundo, en sintonía coa teoloxía da liberación, da que tamén nos dá boa e actualizada bibliografía. Criticará sempre, e distanciarase, do sincretismo acrítico que colla sen máis elementos das diferentes relixións facendo a propia e individual á carta sen conectar a fondo co nexo vivo e a tradición que as sosteñen. Sitúase sempre nunha perspectiva mística e dialogal que tenta superar racionalismos e tradicionalismos pechados, e mesmo fronteiras de pensamento e de vivencia, pero afondando na propia tradición que pode converxer no esencial ben personalizado con outras tradicións tamén asimiladas misticamente. No final do libro o autor fornece o testemuño de varias persoas que acadaron na súa historia de busca relixiosa e de diálogo interreligioso unha síntese persoal e unha vivencia íntima de encontro harmónico intrarreligioso.

O noso autor, xunto co seu pensamento, axúdanos a conectar co suxestivo e creativo pensamento de Raimon Panikkar, resultando moi lumi-